



Xornada

Ecofeminismos

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
Luns, 5 de xullo de 2021



Os feminismos e os ecoloxismos son dúas formas éticas de ollar a sociedade, destinadas a entenderse porque o futuro, para ser, non pode prescindir deles. O ecoloxismo, nos anos 60, rescatou informes científicos emerxentes que alertaban sobre os perigos ambientais. Os intereses contra os que loita son poderosos, porén, non pode estancarse: a realidade que peta nas nosas portas é ben inquietante.

As loitas feministas e ecoloxistas, antes paralelas, son agora interdependentes: os seus avances e retrocesos inflúen mutuamente. Ambos concordan en que todas as formas de opresión se conectan co inimigo común: o capitalismo patriarcal.

Debido ao cambio climático, as brechas de xénero amplíanse. A ollada necesaria das feministas sobre as mulleres campesiñas confirma que elas son as primeiras vítimas da destrución do medio. Boa parte do luxo europeo provén de arrasar o terceiro mundo.

Os recursos naturais non son eternos e o espolio non ten límites. Os custos recaen sobre as mulleres. Nos países do sur son as principais produtoras de comida, traballan a terra, manteñen as sementes, colleitan os froitos e loitan pola auga. O 80 % da produción de alimentos é responsabilidade delas, as máis afectadas pola deforestación e a súa incidencia na agricultura, na recollida de leña, na xestión da auga. Son tamén as principais conservadoras dos bosques, malia non ser donas das terras que cultivan. Xestionan, para as súas familias, os recursos ambientais que garanten menos pobreza. Coidan de non explotalos ata o esgotamento.

Sen as mulleres como suxeitos activos o cambio non é posible. É imprescindible acurtar calquera distancia ideolóxica: despatriarcalizar o ecoloxismo e ecoloxizar o feminismo. A morte anunciada do planeta atoparanos remando na mesma dirección. Ninguén deterá as nosas reivindicacións e cada vez é máis violenta a falta de sostibilidade do capitalismo neoliberal e os danos que lle inflixe á Terra. Unha resposta social contundente é necesaria. Ese é o sentido desta xornada.

Programa

09:30 horas

Presentación da xornada

Rosario Álvarez, presidenta do

Consello da Cultura Galega

María Xosé Porteiro, directora do

Centro de Documentación en

Igualdade e Feminismos do CCG

Luz Darriba, membro do CDIF-CCG

09:45 horas

Conferencia inaugural

Ecoloxía e feminismo: natureza e política

María Xosé Agra, catedrática de

Filosofía Política da USC

Presenta: **Carme Adán**, coordinadora

da Sección de Pensamento do CCG

10:30 horas

Sesión de relatorios

Presenta: **Alba María Rodríguez**,

membro do CDIF-CCG

- *Mulleres nos movementos*

ecoloxistas

Adela Figueroa Panisse, da directiva

de ADEGA e do Padroado da

Fundación Eira

- *Ecoloxía e muller no rural*

Sabela Facal Granha, técnica en

Saúde Ambiental

- *Mareas de afouteza*

Teresa Ramiro, mariscadora e poeta

12:00 horas

Pausa

12:30 horas

Conferencia de clausura

Miradas ecofeministas para reverter a guerra contra a vida

Yayo Herrero, consultora,

investigadora e profesora nos

ámbitos da ecoloxía política,

ecofeminismos e educación para a

sustentabilidade

Presenta: **Luz Darriba**, membro do

CDIF-CCG

13:15 horas

Coloquio

13:30 horas

Proxección da performance *Unha*

fabá unha vida de **Ugia Pedreira** e

Marina Oural

Organiza

Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos (CCG)

Consello da Cultura Galega

Coordina

Luz Darriba

Alba María Rodríguez Díaz

Lugar

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n

15705 Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

Inscripción

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado.

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Máis información

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

Organiza:

